


## A romanización

*Proxecto educativo dos centros escolares do concello de Mugardos*



### Introdución

A finais do ano 2015 rematarán as obras de construción do *Centro de interpretación dos restos arqueolóxicos de Caldoval* e, previsiblemente, abrirá as portas ao longo do 2016. Trátase dunha nova infraestrutura cultural que, máis alá da súa importancia para a conservación do patrimonio e o innegable valor para a promoción turística, tamén vai ser aproveitada polos centros educativos da contorna.

### Obxectivos

- Afianzar a colaboración entre todos os centros educativos e o Concello de Mugardos.
- Fomentar a práctica de metodoloxías educativas innovadoras (ABP, traballos de investigación, uso de novas tecnoloxías, unidades e secuencias didácticas integradas...)
- Contextualizar todos os elementos curriculares das diferentes etapas educativas relacionados co coñecemento da nosas orixes históricas e valoración do patrimonio artístico e cultural.
- Proxectar e difundir as experiencia de cada un dos centros á sociedade.

### Organización

Cada un dos centros educativos adoptará as medidas que considere oportunas para levar á práctica co alumnado os proxectos deseñados polos docentes e os departamentos didácticos. Porén, buscaranse ao longo do curso actividades de posta en común e iniciativas compartidas.

Recabarase do Concello de Mugardos toda a colaboración para organizar e financiar as actuacións e dispor dos medios materiais e humanos, na medida do posible.

### Temporalización

Adaptarémonos ao ritmo de traballo de cada un dos centros deixando liberdade a cada un dos docentes para planificar a secuencia didáctica elixida.

1.º trimestre:

- Proposta no Consello Escolar Municipal.
- Reunións das direccións dos centros e posta en común para presentar ao respectivos claustros.

2.º trimestre:

- Reunións de departamento ou entre centros.
- Traballos de aula.
- Actividade conxunta: entroido.

3.º trimestre:

- Traballos de aula.
- Actividade conxunta: Letras Galegas
- Posta en común dos centros.
- Acto cultural fin de curso.

### **Actividades**

#### Propostas:

- Creación dun blog conxunto entre os catro centros.
-

Actuación	Departamento	GRUPO	Temp.
O mundo castrexo. Visita ao Dolmen de Dombate, castro de Borneiro.	Inglés	1.º ESO	NOV.
Recitado bilingüe dun poema de Catulo	Música	3 alumnos	Festival de Nadal
<b>Gabinete das marabillas romanas</b>	<b>Biblioteca e centro</b>	<b>ESO - BAC</b>	<b>Curso</b>
<b>Proxecto Terra “Unha de romanos”</b>	<b>Xeografía e Historia</b>	<b>2.º ESO</b>	<b>Curso</b>
Visita a Lugo (muralla, termas, museo...)	Xeografía e Historia		2. trimestre
Recital poético multilingüe	Departamentos de linguas	ESO	Letras Galegas
Elaboración de instrumentos (BUCINA e LIRA)	Música	3.º ESO	
Representación teatral: <i>Totus Plautus (o casi)</i>	Obradoiro de teatro	1.º BAC	Fin de curso
Construción dun escudo de lexionario romano	Cultura Clásica	3.º ESO	
Calendario romano			
Construción do pendón romano SPQR	Biblioteca		
Infografía sobre temas latinos	Xeografía e Historia	3.º ESO	
Vídeo tutorial sobre numeración romana	Lingua galega	2.º ESO- Reforzo	
Vídeo/Presentación sobre os seres fabulosos da mitoloxía clásica (centauro, harpía, serea...)	Lingua galega	1.º ESO	
Adaptación a banda deseñada de historias da romanización na Gallaecia: Monte Medulio, Río do Esquecemento, Montefurado e as Médulas...	EPVA Lingua galega Inglés	1.º ESO	
Mosaicos romanos	EPVA	1.º ESO	
Traballos arredor da cor púrpura e a súa simboloxía			

Grafiti baseado nos frescos e pintadas romanas	EPVA	3.º ESO	
Numismática: os denarios romanos			
Deseño gráfico do Gabinete das marabillas	EPVA	4.º ESO	
Escalas, molduras e arcos baseados na arquitectura romana	EPVA	1.º BAC	
Topografía romana			

#### GABINETE DAS MARABILLAS ROMANAS

Deseño gráfico da exposición	EPVA	4.º ESO	
Fragmento do censo de Augusto	Matemáticas		
Construción da arma "CARNIX"	Francés		

#### Avaliación